



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Secretaría Xeral Técnica

galicia

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA NO DESENVOLVEMENTO DUN CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, A NIVEL DE ANTEPROXECTOS, PARA A REHABILITACIÓN DO EDIFICIO DOS XULGADOS SITUADO NA RÚA LALÍN DE VIGO.

Á Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, tal e como dispón o Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, correspóndelle o exercicio das competencias e funcións no ámbito de xestión das infraestruturas administrativas.

Esta consellería ten previsto iniciar as actuacións para a rehabilitación do edificio dos xulgados situado na Rúa Lalín de Vigo.

A rehabilitación do edificio da rúa Lalín en Vigo, ten por obxecto habilitar o edificio xudicial que se traslada á nova Cidade da Xustiza para o seu uso por parte das asociacións e entidades sociais da cidade. Ademais tamén se trasladarán dependencias administrativas que están a ocupar oficinas alugadas na actualidade, co conseguinte aforro do importe deses alugueres.

Con carácter previo á licitación do procedemento para a contratación do servizo de redacción do proxecto para a rehabilitación do edificio dos xulgados situado na Rúa Lalín de Vigo, vaise proceder á convocatoria dun concurso de ideas con intervención de xurado, a nivel de anteproxecto, xa que este tipo de procedemento permite obter un maior número de propostas para unha avaliación máis completa das posibles solucións, estimulando a creatividade e dando a posibilidade ao sector de participar na idea.

Para o desenvolvemento do concurso de ideas contarase coa asistencia do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (en adiante COAG) a través da súa área de concursos, pola súa condición de organismo representativo da profesión de Arquitectura e das súas relacións cos poderes públicos.

O obxecto do presente Convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, durante o desenvolvemento dun concurso de ideas, con intervención de xurado, para a redacción do anteproxecto, que sirva de base ao correspondente proxecto técnico, básico e de execución, incluído o estudo de seguridade e saúde, o estudo de xestión de residuos, a certificación enerxética e o proxecto de telecomunicacións das obras de rehabilitación do edificio dos xulgados situado na Rúa Lalín de Vigo.

Para contribuír ao cumprimento deste obxectivo, a Vicepresidencia primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo achegará ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia a





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Secretaría Xeral Técnica

galicia

cantidade de DEZ MIL EUROS (10.000 €), destinados ao financiamento dos gastos derivados da execución do convenio.

A actividade financiarase co crédito consignado na aplicación orzamentaria 05.21.121A.632.0 (código de proxecto 2022 00016) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, aprobados pola Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja



Xacobeo

